

PROGRAMACIÓN DE ANÁLISE

2025/2026



CEMU CENTRO DE MÚSICA MODERNA DE PONTEAREAS
CEDA CENTRO DE DANZA DE PONTEAREAS

CENTROS HOMOLOGADOS E AUTORIZADOS POLA:
 **XUNTA DE GALICIA** | CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

· calle gavián, 2 baixo · calle redondela 13, baixo
PONTEAREAS - Telf: 618 186 137
cdm@cdmgalicia.com · www.cdmgalicia.com

CEMU Centro de Música Moderna de Ponteareas

Índice

1.	Introdución	1
1.1	Marco legal	1
1.2	Características do Centro	3
1.3	Características do alumnado	3
2.	Obxectivos, contidos e criterios de avaliación das ensinanzas musicais	4
2.1	Obxectivos xerais.....	4
2.2	Obxectivos específicos	4
2.3	Contidos	5
2.4	Criterios de avaliación	5
3.	Metodoloxía.....	6
3.1	Principios metodolóxicos.....	6
3.2	Métodos didácticos	7
4.	Atención á Diversidade	7
4.1	Principios xerais da atención á diversidade	7
4.2	Medidas de atención á diversidade	8
4.2.1	Adaptación metodolóxicas	8
4.2.2	Apoio e reforzo educativo	8
4.2.3	Atención ao alumnado con altas capacidades.....	8
4.3	Coordinación e seguimento	8
5.	Temas transversais.....	9
5.1	Educación en valores	9
5.2	Desenvolvemento persoal e social.....	10
5.3	Educación para a cidadanía e o desenvolvemento sostible.....	10
5.4	Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's).....	10
6.	Actividades culturais e de promoción das ensinanzas	11
6.1	Concertos e recitais.....	11
6.2	Obradoiros e masterclasses.....	11



6.3	Colaboración con outras disciplinas artísticas	11
7.	Secuenciación por cursos	12
7.1	Curso 1º de Análise	12
7.1.1	Obxectivos	12
7.1.2	Contidos	13
7.1.3	Avaliación	14
7.1.4	Recursos didácticos	18
7.2	Curso 2º Análise	19
7.2.1	Obxectivos	19
7.2.2	Contidos	20
7.2.3	Avaliación	21
7.2.4	Recursos didácticos	26
8.	Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica	27
9.	Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento	28
10.	Anexos	29
10.1	Probas de acceso a 1º de grao profesional	29
10.2	Probas de acceso a outros cursos	29
10.3	Faltas de asistencia	29

1. Introducción

A materia de Análise na especialidade de Música Moderna ten como obxectivo principal proporcionar ao alumnado as ferramentas necesarias para comprender, contextualizar e interpretar as estruturas musicais que definen as obras dentro dos diferentes estilos contemporáneos.

O estudo da análise abrangue o recoñecemento de formas musicais, recursos harmónicos, melódicos, rítmicos e tímbricos, así como a comprensión dos procedementos compositivos empregados por diferentes autores e estilos. Esta materia fomenta a reflexión crítica sobre a música, axuda a interiorizar o seu funcionamento interno e potencia a capacidade interpretativa e creativa do alumnado.

No Conservatorio Profesional, a ensinanza da análise intégrase de forma coherente co resto das materias do currículo, como instrumento principal, harmonía, improvisación ou linguaxe musical, contribuíndo ao desenvolvemento dunha visión global e profunda da linguaxe musical moderna.

1.1 Marco legal

A programación da materia de Análise na especialidade de Música Moderna baséase na normativa vixente aplicable ás ensinanzas profesionais de música en España e en Galicia. Téñense en conta os seguintes documentos:

Normativa estatal

- **Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE)**, modificada pola **Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro (LOMLOE)**, que establece o marco xeral das ensinanzas artísticas e profesionais de música.
- **Real Decreto 1577/2006, do 22 de decembro**, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de música en España.
- **Real Decreto 303/2010, do 15 de marzo**, polo que se regula o acceso ás ensinanzas artísticas superiores e os títulos correspondentes.

Normativa autonómica (Galicia)

- **Decreto 198/2007, do 27 de setembro**, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de música en Galicia.
- **Orde do 29 de setembro de 2015**, pola que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de música en Galicia, detallando os contidos específicos de cada materia.
- **Orde do 11 de xuño de 2010**, pola que se regulan os aspectos organizativos, pedagóxicos e de avaliación das ensinanzas profesionais de música en Galicia.
- **Decreto 426/2003, do 30 de outubro**, polo que se establece a ordenación das ensinanzas de réxime especial en Galicia, incluíndo os conservatorios profesionais.
- **Decreto 223/2010, do 30 de decembro**, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 19 de xaneiro de 2011.
- **Decreto 229/2011, do 7 de decembro**, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de Maio, de educación. DOG 21 de decembro de 2011.
- **Orde do 4 de agosto de 2011**, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 en canto á organización dos conservatorios profesionais.
- **Orde do 28 de xullo de 2008**, pola que se establecen os criterios de avaliación e promoción do alumnado nas ensinanzas profesionais de música en Galicia, disposta no Decreto 198/2007, do 27 de setembro.
- **Circular 15/2011**, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan os aspectos organizativos dos conservatorios profesionais de música en Galicia.

Normativa interna

- **Normativa interna do conservatorio autorizado**, onde se detallan aspectos organizativos específicos, como a distribución horaria, os criterios de avaliación e as metodoloxías didácticas.

1.2 Características do Centro

CEMU Centro de Música Moderna de Pontearreas, un centro especializado na formación de músicos cun enfoque práctico, integrador e adaptado ás demandas actuais do panorama musical. Este centro ten como finalidade ofrecer unha formación sólida e actualizada que prepare ao alumnado para afrontar os retos tecnolóxicos e creativos presentes na música contemporánea. O centro conta con instalacións axeitadas ás ensinanzas musicais. Ao longo destes anos, moitos alumnos prepararon satisfactoriamente as probas de acceso, tanto en música como en danza, para acceder ao ámbito superior. A maiores o centro ten un amplo calendario de actuacións para complementar a formación do alumnado que se realizan tanto dentro das instalacións como en concertos e festivais ao aire libre. O centro ten unha capacidade para acoller uns 180 alumnos de música e 80 de danza.

1.3 Características do alumnado

O alumnado varía a súa procedencia segundo a idade e o curso que realizan. As principais motivacións para o estudo neste centro son: a obtención dun título que lles abra saídas profesionais e que os posibilite a continuidade de estudos no grao superior de música, a calidade das ensinanzas e a ubicación do centro. O clima existente entre o alumnado e o profesorado do centro é óptimo, sendo este un dos valores máis apreciados por ambas partes.

O alumnado que cursa estes estudos procede de diferentes especialidades instrumentais e posúe formacións previas diversas, polo que o aprendizaxe está estruturado de xeito flexible, atendendo á pluralidade de niveis e intereses. Esta diversidade constitúe un valor engadido no proceso de aprendizaxe, fomentando a colaboración, a resolución de problemas e o intercambio de coñecementos.

No estudo individual do alumnado resalta o esforzo, a análise do repertorio e a comprensión do mesmo. Como gran problema sobresa a falta de tempo, especialmente no grao profesional, debido á gran cantidade de horas que o alumnado pasa no seu centro de enseñanza obrigatoria. Outros problemas son a falta de organización, de constancia e concentración no estudo.

2. Obxectivos, contidos e criterios de avaliación das ensinanzas musicais

O Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música, indica no seu artigo 2º que a súa finalidade é proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade.

2.1 Obxectivos xerais

Os obxectivos xerais desta materia están formulados de acordo coa Orde do 29 de setembro de 2015 e orientan a formación global do alumnado na análise da música moderna:

1. Fomentar no alumnado a capacidade de análise crítica e reflexiva sobre obras musicais pertencentes a diferentes estilos e épocas da música moderna.
2. Comprender a estrutura formal, harmónica, melódica e rítmica das obras musicais contemporáneas.
3. Coñecer e valorar o patrimonio musical moderno como parte do patrimonio cultural colectivo.
4. Desenvolver a escoita activa e analítica como ferramenta fundamental para a interpretación e creación musical.
5. Empregar correctamente a terminoloxía e os conceptos propios da análise musical.
6. Integrar os coñecementos analíticos na interpretación instrumental e na composición.
7. Estimular a sensibilidade artística e o criterio estético a través do estudo de obras significativas.
8. Relacionar os elementos musicais co contexto histórico, estilístico e cultural en que foron creados.

2.2 Obxectivos específicos

Os obxectivos específicos definen as habilidades e competencias concretas que se pretenden desenvolver ao longo do curso:

1. Analizar formalmente estruturas musicais propias da música moderna (formas abertas, ciclos, bloques, etc.).
2. Identificar elementos harmónicos e melódicos presentes en distintos estilos da música contemporánea (jazz, rock, pop, funk, etc.).

3. Empregar métodos e técnicas de análise adaptadas ás particularidades da música moderna.
4. Relacionar os recursos compositivos co seu efecto expresivo e estilístico.
5. Desenvolver comentarios críticos sobre pezas analizadas, empregando vocabulario técnico.
6. Aplicar os coñecementos analíticos á interpretación e á composición de obras orixinais.
7. Valorar a diversidade de linguaxes musicais contemporáneas e a súa evolución.

2.3 Contidos

- Fundamentos da análise musical: conceptos de forma, textura, dinámica, timbre e estrutura.
- Análise formal: identificación de formas abertas e pechadas, estruturas por bloques, temas con variacións, etc.
- Harmónica: análise de progresións, modulacións, funcións tonais e uso de modos.
- Melódica: recoñecemento de motivos, frases, desenvolvemento temático e uso modal.
- Rítmica e métrica: análise de compases complexos, sínkopas, contratempos, grooves e patróns típicos.
- Técnicas compositivas e estilísticas dos séculos XX e XXI.
- Relación entre música e contexto: análise estilístico-histórica de pezas representativas.
- Desenvolvemento de comentarios analíticos escritos sobre pezas seleccionadas.
- Análise auditiva: recoñecemento de elementos musicais sen partitura.
- Estudo comparativo entre distintas versións ou arranxos dunha mesma obra.

2.4 Criterios de avaliación

- Capacidade para identificar estruturas formais nas obras analizadas.
- Habilidade para recoñecer e describir elementos harmónicos, melódicos e rítmicos con terminoloxía adecuada.
- Aplicación coherente das técnicas analíticas estudadas.
- Claridade e precisión na elaboración de comentarios escritos sobre obras.
- Capacidade para contextualizar estilística e historicamente as obras analizadas.
- Participación activa e crítica nas clases e nos debates sobre obras.
- Identificación auditiva de elementos musicais sen partitura.
- Relación dos contidos analíticos coa interpretación ou creación musical.

3. Metodoloxía

A metodoloxía da materia de Análise de Música Moderna estará centrada na aprendizaxe práctica e reflexiva, fomentando que o alumnado non só adquira coñecementos teóricos, senón que poida aplicalos ao estudo crítico, á interpretación e á comprensión profunda das obras musicais. A análise será entendida como unha ferramenta para desenvolver a capacidade auditiva, expresiva e creativa do alumnado.

Buscarase un enfoque activo e participativo, onde se valore a capacidade de observación, reflexión e argumentación, así como a relación entre os distintos elementos musicais e os seus contextos estilísticos e históricos.

3.1 Principios metodolóxicos

Os principios metodolóxicos que guían esta programación son:

- **Actividades teóricas e prácticas:** mediante clases expositivas para introducir os conceptos analíticos (estrutura, harmonía, ritmo, timbre, etc.) e actividades prácticas baseadas en audicións, comentarios de texto musical, e análises escritas e orais.
- **Participación:** fomentarse o traballo individual e cooperativo, con exposicións orais e debates sobre obras analizadas, favorecendo o espírito crítico e a argumentación razoada.
- **Avaliación continua:** baseada na realización de exercicios analíticos e na participación activa do alumnado nas sesións.
- **Flexibilidade e diversidade metodolóxica:** adaptando a programación ao ritmo de aprendizaxe e ás características do alumnado, favorecendo un enfoque inclusivo.
- **Convivencia:** nas actividades en grupo procurárase crear un clima de respecto, escoita activa e colaboración.
- **Significación:** presentáranse os contidos analíticos como ferramentas útiles para a interpretación, composición ou arranxo, favorecendo a transferencia do aprendido a contextos reais.
- **Interdisciplinariedade:** establecéranse conexións con materias como Historia da Música, Harmonía, Conxunto ou Instrumento Principal, para reforzar unha comprensión máis global da música.
- **Creatividade:** animárase ao alumnado a propoñer interpretacións propias das obras analizadas, explorando diferentes enfoques estéticos e estilísticos.

3.2 Métodos didácticos

A elección dos métodos didácticos baséase nos seguintes enfoques:

- **Modelo constructivista:** o coñecemento constrúese a partir das experiencias previas do alumnado. A análise musical parte do que o alumnado xa sabe ou percibe, conectando os novos contidos con coñecementos anteriores, tanto musicais como culturais.
- **Aprendizaxe significativa:** para favorecer unha comprensión real e duradeira, os contidos presentaranse de forma ordenada, contextualizada e conectada coa práctica musical. A análise de obras será sempre acompañada de audicións, discusións e reflexión persoal.

Para que a aprendizaxe sexa efectiva, teranse en conta os seguintes aspectos:

- Crear un **bo clima de aula**, baseado na confianza, na motivación e na participación activa.
- Presentar os conceptos analíticos de forma **clara, lóxica e progresiva**.
- Relacionar os contidos novos cos **coñecementos previos** do alumnado.
- Promover o **estudo individual** como parte esencial do proceso formativo, valorando o esforzo persoal e a constancia.

4. Atención á Diversidade

A atención á diversidade na materia de Análise de Música Moderna parte do principio de que cada alumno e alumna ten necesidades, intereses, estilos e ritmos de aprendizaxe diferentes. Por iso, esta programación garante unha ensinanza flexible, inclusiva e adaptada, que promova a equidade e asegure que todo o alumnado poida acadar os obxectivos propostos.

4.1 Principios xerais da atención á diversidade

A programación basearase nos seguintes principios:

- **Inclusión:** Garantir que todo o alumnado poida participar de forma activa e significativa nas actividades analíticas propostas.
- **Persoalización da aprendizaxe:** Axustar os contidos e métodos aos distintos niveis de partida e formas de aprender do alumnado.
- **Flexibilidade metodolóxica:** Empregar estratexias didácticas variadas que favorezan a comprensión das obras musicais desde múltiples enfoques.

- **Equidade:** Promover a igualdade de oportunidades e recursos para que cada estudante poida desenvolver ao máximo as súas capacidades analíticas, musicais e expresivas.

4.2 Medidas de atención á diversidade

4.2.1 Adaptación metodolóxicas

- Uso de recursos visuais (análises gráficas, esquemas) e auditivos (audicións comentadas, exemplos interpretados).
- Emprego de ferramentas dixitais para a análise de partituras e obras (software de notación, plataformas interactivas).
- Metodoloxía activa centrada na aprendizaxe por proxectos ou estudo de casos, permitindo ritmos personalizados.
- Presentación de exemplos adaptados aos estilos musicais coñecidos polo alumnado para facilitar a conexión e a comprensión.

4.2.2 Apoio e reforzo educativo

- Itinerarios adaptados para alumnado con dificultades, atendendo especialmente á comprensión auditiva e lectoescritura musical.
- Actividades complementarias e sesións de reforzo para consolidar conceptos analíticos esenciais.
- Tutorías individuais ou en pequenos grupos para reforzar aspectos concretos da materia.

4.2.3 Atención ao alumnado con altas capacidades

- Propostas de análise avanzada con obras de maior complexidade estrutural, harmónica ou formal.
- Actividades de investigación ou exposición oral sobre estilos e correntes musicais pouco tratadas na aula.
- Participación en proxectos interdisciplinares ou actividades externas (seminarios, concursos, encontros musicais) que estimulen o pensamento crítico e creativo.

4.3 Coordinación e seguimento

Para garantir unha atención eficaz á diversidade, realizarase:

- **Avaliación continua e individualizada** para detectar dificultades ou necesidades específicas.

- **Coordinación co equipo docente** doutras materias e co titorado para deseñar estratexias conxuntas.
- **Colaboración co departamento de orientación**, cando sexa preciso, para establecer medidas específicas de apoio.

Con estas medidas, búscase garantir unha aprendizaxe significativa e adaptada que permita ao alumnado desenvolver plenamente as súas competencias no ámbito da análise musical, respectando o seu ritmo e estilo persoal de aprendizaxe.

5. Temas transversais

A educación musical, ademais de desenvolver competencias técnicas e artísticas, tamén contribúe á formación integral do alumnado a través da integración de temas transversais. Estes aspectos fomentan valores fundamentais que enriquecen tanto o proceso educativo como a sociedade en xeral.

O currículo das ensinanzas profesionais de música inclúe elementos transversais que permiten reflexionar sobre dimensións sociais, éticas e humanas da educación, e que se poden traballar de xeito efectivo a través da análise musical.

5.1 Educación en valores

A través da materia de Análise de Música Moderna promoveranse os seguintes valores:

- **Educación para a saúde:** Insistirase na importancia da hixiene postural durante a audición e estudo musical. Traballárase tamén o impacto emocional positivo da música, favorecendo o equilibrio persoal e a xestión do estrés a través da escoita consciente.
- **Igualdade de xénero:** Visibilizaranse compositoras, intérpretes e figuras femininas dentro da música moderna, favorecendo unha visión inclusiva e igualitaria da historia da música.
- **Respecto e convivencia:** O traballo en grupo, a análise compartida de obras e o diálogo sobre estilos musicais fomentarán o respecto polas ideas dos demais e a valoración da diversidade cultural e estética.

5.2 Desenvolvemento persoal e social

- **Creatividade e pensamento crítico:** A análise musical require reflexión, interpretación e capacidade de cuestionar estruturas convencionais, desenvolvendo así a mente crítica e aberta.
- **Autoestima e expresión emocional:** A música moderna é un medio de expresión persoal poderoso; entender as súas estruturas permite ao alumnado conectar mellor coas emocións e sentirse partícipe activo da creación artística.
- **Responsabilidade e esforzo:** A análise musical demanda atención, estudo constante e superación de retos interpretativos, valores que fortalecen o compromiso e a disciplina.

5.3 Educación para a cidadanía e o desenvolvemento sostible

- **Educación ambiental:** Tomarase conciencia sobre a contaminación acústica e a importancia do silencio tanto como ferramenta expresiva como elemento de respecto polos demais. Ademais, reflexionárase sobre a sostibilidade na industria musical.
- **Uso responsable das novas tecnoloxías:** Valorárase o uso ético das TIC, promovendo a reflexión sobre a dependencia tecnolóxica e o consumo consciente de contido dixital.

5.4 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

- **Uso de software especializado:** Empregaranse programas para realizar análises harmónicas e estruturais, favorecendo unha aprendizaxe visual e auditiva máis completa.
- **Gravación e produción musical:** Introducirase o uso básico de ferramentas para a edición e análise de audio, o que permitirá ao alumnado estudar obras desde unha perspectiva práctica e técnica.
- **Aprendizaxe en liña:** Fomentarase o uso de plataformas dixitais para o acceso a recursos de análise, investigación sobre estilos musicais e intercambio de ideas e traballos entre estudantes.

A incorporación destes temas transversais na materia de Análise de Música Moderna contribúe a unha formación máis global do alumnado, preparándoo para ser non só músico, senón tamén cidadán reflexivo, creativo e comprometido co seu entorno.

6. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

A promoción das ensinanzas de música moderna e a súa integración na vida cultural da comunidade son aspectos fundamentais desta programación. A través de diversas actividades culturais, preténdese enriquecer a experiencia do alumnado, fomentar o contacto co mundo profesional e achegar a música á sociedade, facendo visible o traballo que se realiza nas aulas e o valor da análise musical como ferramenta artística e intelectual.

6.1 Concertos e recitais

- **Organización de concertos didácticos** nos que o alumnado poida compartir análises musicais de obras interpretadas, explicando as súas estruturas, características estilísticas ou evolución harmónica.
- **Participación en festivais locais e autonómicos**, aportando visións analíticas ou presentacións orais que contextualicen as pezas interpretadas.
- **Audicións comentadas abertas ao público**, onde o alumnado poida exercitarse na análise en tempo real, integrando coñecementos técnicos e capacidade comunicativa.

6.2 Obradoiros e masterclasses

- **Invitación de profesionais da música moderna** para abordar temas como a análise harmónica aplicada á composición, análise formal de obras actuais ou revisión de tendencias estilísticas contemporáneas.
- **Obradoiros de creación e análise musical**, nos que o alumnado poida aplicar coñecementos teóricos ao desenvolvemento de proxectos persoais (análises comentadas, podcasts musicais, etc.).
- **Sesións de audición guiada e análise colectiva**, que permitan descubrir novos estilos musicais e reforzar o sentido crítico e a escoita activa.

6.3 Colaboración con outras disciplinas artísticas

- **Proxectos conxuntos con danza, teatro ou artes visuais**, nos que a análise musical sirva como base para a creación de propostas escénicas ou visuais.
- **Participación en eventos culturais**, achegando o coñecemento analítico da música moderna a través de exposicións comentadas ou colaboracións con centros culturais da contorna.
- **Colaboracións con escolas ou entidades audiovisuais**, para a creación de materiais formativos ou divulgativos que integren música e análise como linguaxe artística.

Estas actividades buscan non só fortalecer as competencias interpretativas e colaborativas do alumnado, senón tamén favorecer a súa implicación en proxectos artísticos que conecten o conservatorio co entorno social e cultural.

7. Secuenciación por cursos

A materia de **Análise de Música Moderna** impártese nos dous últimos cursos do grao profesional (5º e 6º), seguindo unha progresión que permite ao alumnado adquirir unha comprensión profunda da estrutura musical e desenvolver un pensamento crítico arredor das obras que interpreta ou escoita.

A secuenciación dos contidos está deseñada para integrarse de forma natural co nivel técnico e interpretativo do alumnado, tendo en conta que nesta etapa xa conta cunha base sólida en linguaxe musical, harmonía e práctica instrumental. Isto permite que a análise se enfoque desde unha perspectiva práctica, funcional e vinculada directamente á música moderna.

A continuación preséntase a correspondencia entre os cursos da materia de Análise e os cursos do itinerario xeral do grao profesional:

Curso de Análise	Curso de Instrumento	Observacións
1º curso de Análise	5º curso de instrumento	Enfócase na introdución ás formas musicais, estruturas básicas e análise harmónica elemental en música tonal e moderna.
2º curso de Análise	6º curso de instrumento	Abarca a análise harmónica avanzada, modulacións, análise estilística e estrutural de obras contemporáneas e proxectos de investigación musical.

Esta distribución garante unha aprendizaxe coherente e integrada, facilitando a comprensión global da música e preparando ao alumnado para os retos interpretativos e creativos que se atoparán ao finalizar os seus estudos profesionais.

7.1 Curso 1º de Análise

7.1.1 Obxectivos

O primeiro curso de Análise de Música Moderna ten como finalidade iniciar ao alumnado no pensamento analítico aplicado á música, proporcionándolle ferramentas básicas para interpretar, describir e comprender as estruturas musicais máis habituais dentro do repertorio moderno. A través dunha metodoloxía práctica e reflexiva, preténdese que os estudantes desenvolvan a súa capacidade de escoita activa, recoñecemento harmónico e formal, e contextualización histórica e estilística das obras analizadas.

Os obxectivos principais deste curso son:

1. **Recoñecer e describir os elementos formais fundamentais** das pezas musicais (forma binaria, ternaria, rondó, forma canción, etc.), empregando terminoloxía adecuada.
2. **Aplicar coñecementos previos de harmonía** para identificar progresións harmónicas básicas e funcións tonais dentro dun contexto musical moderno.
3. **Desenvolver a escoita crítica e activa**, identificando aspectos relevantes como a instrumentación, a textura, o uso do ritmo ou a dinámica no discurso musical.
4. **Interpretar a estrutura e o discurso musical** mediante esquemas, gráficos e anotacións analíticas que reflectan a comprensión formal e estilística dunha obra.
5. **Familiarizarse cos principais estilos e xéneros da música moderna**, recoñecendo os trazos distintivos que definen o jazz, o pop, o rock ou outras correntes contemporáneas.
6. **Relacionar os contidos analizados co contexto histórico e cultural**, adquirindo unha visión global e crítica da música como manifestación artística e social.
7. **Elaborar análises sinxelas de obras curtas**, tanto de forma escrita como oral, desenvolvendo habilidades de comunicación musical e expresión argumentativa.

7.1.2 Contidos

Os contidos están organizados en bloques que permiten unha progresión lóxica no desenvolvemento das competencias analíticas do alumnado. A selección de repertorio será flexible e variada, con exemplos representativos dos principais estilos da música moderna.

Bloque 1: Introducción á análise musical

- Función da análise dentro do estudo musical.
- Ferramentas e técnicas básicas de análise.
- A análise como proceso interpretativo: escoita activa, reflexión e expresión.

Bloque 2: Elementos musicais e estrutura

- Identificación dos elementos estruturais: motivos, frases, períodos.
- Análise de formas musicais simples: binaria, ternaria, rondó, forma canción.
- Organización formal na música moderna: estruturas típicas do jazz, pop e rock (AABA, verso-estribillo, 12 compases de blues, etc.).

Bloque 3: Análise harmónica funcional

- Revisión de conceptos harmónicos básicos: graos, funcións, cadencias.
- Análise de progresións harmónicas en obras de dificultade elemental.
- Introducción á análise de acordes por cifrado moderno e por función tonal.

Bloque 4: Textura, instrumentación e ritmo

- Tipos de textura: monofónica, homofónica, contrapuntística.
- Identificación de técnicas instrumentais e efectos típicos da música moderna.
- Análise do ritmo e do compás: grooves, patróns rítmicos e métrica.

Bloque 5: Estilo e contexto

- Características estilísticas básicas do jazz, pop, rock e outros estilos modernos.
- Contextualización histórica e sociocultural das obras analizadas.
- Recoñecemento de influencias e evolucións estilísticas.

Bloque 6: Aplicación práctica

- Análises guiadas de pezas curtas.
- Elaboración de esquemas formais e comentarios analíticos.
- Presentación oral e escrita de análises sinxelas.

7.1.3 Avaliación

A avaliación terá un carácter formativo e continuo, cun enfoque orientado á detección temperá de dificultades e á implementación de medidas de reforzo cando sexa necesario. Empregarase unha variedade de procedementos e ferramentas para garantir unha valoración global e precisa do proceso de aprendizaxe do alumnado.

Serán realizados tres tipos de avaliación:

- **Avaliación inicial:** servirá para detectar o nivel de coñecementos previos do alumnado en relación coa análise musical, especialmente no referente á estrutura formal, aspectos estilísticos e procedementos compositivos. Esta avaliación permitirá axustar a planificación didáctica ao punto de partida real do grupo.

- **Avaliación continua:** valoración constante do progreso individual e colectivo do alumnado durante o curso. Inclúe a participación activa nas clases, a realización regular de exercicios e traballos, e a actitude ante a aprendizaxe. Suporá o **35% da nota final**.
- **Avaliación puntual:** probas escritas e traballos específicos que servirán para medir a adquisición dos contidos e a capacidade de análise crítica e formal. Representará o **65% da nota final**.

7.1.3.1 Criterios de avaliación

- **Comprensión das estruturas formais:** recoñecemento e descrición correcta das principais formas musicais (forma binaria, ternaria, blues, forma libre, etc.) en distintas épocas e estilos.
- **Capacidade de análise estilística e contextual:** identificación dos recursos compositivos característicos dun estilo, autor ou época concreta.
- **Interpretación dos procedementos harmónicos e melódicos:** comprensión das funcións harmónicas, motivos melódicos e o seu desenvolvemento estrutural.
- **Análise comparativa e pensamento crítico:** elaboración de análises comparadas entre obras ou fragmentos, establecendo criterios propios baseados na observación e reflexión.
- **Claridade e precisión na expresión escrita/oral da análise:** capacidade de comunicar de forma clara, ordenada e rigorosa as conclusións analíticas, empregando unha terminoloxía adecuada.

7.1.3.2 Actividades de avaliación

- **Probas escritas:** análises formais de fragmentos musicais, preguntas sobre estruturas, recursos estilísticos e funcións harmónicas.
- **Traballos escritos:** realización de análises completas de obras seleccionadas, incluíndo contexto histórico e estilístico.
- **Presentacións orais ou debates:** exposición e defensa de análises persoais, argumentación de interpretacións formais ou estilísticas.

7.1.3.3 *Mínimos esixibles*

- Identificar correctamente as principais estruturas formais musicais traballadas no curso.
- Recoñecer os recursos estilísticos e compositivos fundamentais de cada obra ou fragmento analizado.
- Comprender e describir funcións harmónicas e elementos melódicos relevantes.
- Expresar con rigor e claridade, tanto oral como por escrito, as conclusións dunha análise.

7.1.3.4 *Procedementos e ferramentas de avaliación*

A avaliación do alumnado realizarase a través de diferentes procedementos que permitirán medir tanto a adquisición de coñecementos teóricos como a súa aplicación práctica. Estes procedementos estarán apoiados por ferramentas específicas para garantir unha valoración obxectiva e completa do proceso de aprendizaxe.

- **Observación sistemática:** será realizada diariamente nas clases, tendo en conta a participación activa nas clases, realización de exercicios escritos e orais, aplicación dos coñecementos en análise e composición e a capacidade de reflexionar e argumentar sobre os contidos estudados.
- **Probas escritas e prácticas:** realizaranse avaliacións teóricas e prácticas para comprobar a adquisición dos coñecementos. As probas teóricas realizaranse mediante cuestionarios e exames sobre análise formal e harmónica de fragmentos musicais. As probas prácticas realizaranse mediante exercicios de identificación de estruturas melódicas, seccións formais e progresións harmónicas.
- **Avaliación final:** ó remate do curso, realizarase unha proba global na que o alumnado deberá demostrar o dominio dos contidos traballados.

En canto ás ferramentas para a recollida de datos durante o seguimento ao alumnado serán:

- Realización de probas puntuais durante a clase.
- Realización de tres exames (un por trimestre). Os exames significarán un resumo dos contidos e procedementos impartidos ata ese momento. Para a realización do exame reservárase un día lectivo, no horario habitual da clase, e poderá ampliarse a súa duración e a extensión se o exercicio o require.

O exame trimestral poderá constar de dúas partes:

- Unha ou varias preguntas teóricas referidas ao explicado na clase.
- Un exercicio longo de harmonización ou varios exercicios máis breves.

No caso de imposibilidade do alumnado de presentarse ao exame por conflitos de horario cos estudos de réxime xeral ou por traballo, estudarase a posibilidade de realizalo noutro horario previa presentación dun xustificante oficial do centro onde estuda ou da empresa na que traballa.

7.1.3.5 Criterios de cualificación

Á hora de avaliar ao alumnado teranse en conta os seguintes aspectos:

Criterio	Descrición	Porcentaxe
Conceptos teóricos	Avaliarase a comprensión e asimilación dos conceptos fundamentais da análise musical, como as estruturas, as formas e as técnicas analíticas, especialmente no jazz.	30%
Aplicación práctica	Avaliarase a capacidade do alumnado para aplicar os coñecementos teóricos adquiridos en exercicios prácticos e na análise de obras musicais reais.	30%
Exercicios escritos e prácticos	Inclúe exercicios teóricos e prácticos, como análise de partituras, creación de progresións harmónicas ou exercicios de composición.	20%
Actitude, participación e traballos adicionais	Avaliarase a implicación do alumnado, a súa participación nas clases, as discusións e a realización de traballos adicionais ou tarefas extra.	10%

As cualificacións expresaranse en números enteiros do 1 ao 10, sendo necesario obter un 5 para superar o trimestre e/ou o curso. No caso de notas con decimais, aplicarase o redondeo ao enteiro superior cando o decimal sexa maior que 0,5 ($> 0,5$).

7.1.3.6 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

A autorización excepcional para a ampliación de matrícula ao curso seguinte é competencia do Consello Escolar do centro, previa solicitude do alumnado e tras a orientación do profesorado. Para concedela, teranse en conta criterios obxectivos, así como a madurez e a capacidade de aprendizaxe do estudante para afrontar o novo curso.

O Departamento de Musicoloxía do CEMU Centro de Música Moderna de Ponteareas establece como requisito indispensable para solicitar a ampliación de matrícula a superación dunha proba escrita. Esta proba deberá demostrar que o alumno/a alcanzou todos os obxectivos recollidos na programación do curso que desexa superar.

A avaliación basearase nos criterios específicos do curso en cuestión, e a cualificación final determinarase integramente a partir da proba escrita, de acordo cos aspectos detallados no apartado 7.1.3.3, **Mínimos Exixibles**.

7.1.3.7 Medidas de recuperación

Co obxectivo de garantir que todo o alumnado alcance os coñecementos e competencias esixidas na materia de Análise de Música Moderna, establécense as seguintes medidas de recuperación para aqueles que non superen as avaliacións ordinarias ou ben pola perda da avaliación continua por faltas de asistencia.

- **Procedementos de recuperación ordinarios:** no caso de perda de avaliación continua, o alumno/a terá dereito á realización dunha proba escrita que dará como resultado a nota da súa avaliación final de xuño.

Esta proba estará deseñada para avaliar tanto os conceptos teóricos como a súa aplicación práctica, asegurando que o alumnado adquiriu as competencias necesarias para superar a materia mediante un exame teórico, preguntas sobre formas musicais, estilos e análise estrutural, e unha proba práctica, análise dun fragmento musical.

- **Probas extraordinarias de setembro:** Os alumnos e alumnas que non superen a materia ao finalizar o curso terán a posibilidade de presentarse ás probas extraordinarias de setembro, co obxectivo de recuperar os contidos pendentes e demostrar a adquisición dos coñecementos esenciais da sinatura.

A proba extraordinaria estará deseñada para avaliar tanto os aspectos teóricos como a súa aplicación práctica, asegurando unha aprendizaxe real e efectiva. Constará de dúas partes:

- **Exame teórico:** preguntas sobre cuestións relativas á análise de formas musicais, linguaxe musical, estilos e terminoloxía, co obxectivo de avaliar o dominio conceptual da materia.
- **Proba práctica:** análise completa dun fragmento musical ou dunha obra breve, aplicando os coñecementos adquiridos en relación á forma, estrutura, harmonía, ritmo e estilo.

Aplicaranse os criterios de avaliación establecidos para o curso e, no que respecta á cualificación, esta basearase exclusivamente na nota obtida nas probas.

7.1.4 Recursos didácticos

Co obxectivo de favorecer a comprensión e aplicación dos contidos da materia de *Análise de Música Moderna*, empregárase unha ampla variedade de materiais e ferramentas adaptadas aos diferentes estilos, épocas e niveis de complexidade da música moderna. Estes recursos permitirán ao alumnado desenvolver habilidades analíticas tanto teóricas como auditivas, a partir dun enfoque funcional e contextualizado.

➤ Material didáctico

- **Apuntes e esquemas elaborados polo profesorado**, con explicacións teóricas e exemplos prácticos.
- **Software e aplicacións interactivas**, como Musescore, iReal Pro, Sibelius.
- **Recursos web:** www.jazzstandards.com , www.allmusic.com
- **Audicións comentadas** de temas representativos da música moderna.
- **Transcricións e partituras** de obras clave no desenvolvemento da harmonía moderna.

➤ Fontes bibliográficas

A seguinte bibliografía servirá como referencia para o estudo e profundización nos contidos do curso:

- **Rawlins, R. y Bahha, N.** (2005) *Jazzology. The encyclopedia of Jazz Theory for all musicians*. Hal Leonard.
- **Herrera, Enric** *Técnicas de Arreglos para la Orquesta Moderna*. Music Distribución.
- **Wright, Rayburn** (1982). *Inside the Score*. Kendor Music.
- **Deveaux, S. Y Giddins, G.** (2009). *Jazz*. Norton & Company, Inc.
- **Levine, Mark** (1995). *The Jazz Theory Book*. Sher Music Co.
- **Sikora Frank** (2022) *Jazz: Harmony: Think, listen, play*. Schott.
- **Terefenko, Dariusz** (2014). *Jazz Theory: From Basic to Advanced Study*. Routledge.
- **Aebersold, Jamey** (varios anos). *Play-A-Long Series*.

➤ Recursos audiovisuais e dixitais

- Transcricións e análise de temas clásicos da música moderna en **The Real Book** e en recursos dixitais como **Sibelius** e **iReal Pro**.
- Vídeos dispoñibles en plataformas como **YouTube**.

7.2 Curso 2º Análise

7.2.1 Obxectivos

O segundo curso de Análise de Música Moderna ten como finalidade afondar na comprensión crítica e reflexiva da estrutura musical, ampliando os coñecementos adquiridos no curso anterior e explorando novos recursos estilísticos, formais e expresivos característicos da música moderna. Os obxectivos principais deste curso son:

1. **Afondar na análise harmónica, melódica e formal de obras de música moderna**, incorporando estruturas máis complexas e recursos propios do jazz, rock, soul e outros estilos contemporáneos.
2. **Desenvolver a capacidade de identificar e explicar estruturas formais características da música moderna**, como o esquema AABA, forma blues de 12 compases, canción con ponte, formas cíclicas, a forma libre ou o uso da repetición e variación no jazz contemporáneo.
3. **Analizar obras representativas de distintos estilos e épocas da música moderna**, valorando a súa evolución e contexto histórico-estético.
4. **Recoñecer e interpretar funcións harmónicas complexas**, modulacións, intercambios modais e outros recursos compositivos que enriquecen o discurso musical.
5. **Estudar e aplicar técnicas de análise rítmica, tímbrica e textural**, observando a relación entre estes elementos e a estrutura global da obra.
6. **Valorar criticamente as decisións compositivas dos autores**, desenvolvendo a capacidade de emitir xuízos fundamentados e de establecer conexións entre diferentes obras e estilos.
7. **Mellorar a capacidade de expresión escrita e oral ao presentar análises musicais**, utilizando unha linguaxe técnica axeitada e rigorosa.
8. **Fomentar a autonomía do alumnado na realización de traballos de análise**, propoñendo exercicios de análise libre.

7.2.2 Contidos

Bloque 1: Elementos estruturais e formais da música moderna

- Revisión de estruturas formais típicas da música moderna: AABA, AB, ABC, verso-estribillo, formas abertas, blues de 12 compases, groove-based structures.
- Análise formal de temas de jazz, soul, funk, pop ou rock.
- Contraste e variación: seccións, pontes, interludios, codas e outros elementos estruturais.
- Desenvolvemento temático e repetición: motivos, riffs, licks, secuencias.

Bloque 2: Harmonía e análise harmónica avanzada

- Ampliación das funcións tonais: subdominante secundaria, intercambios modais, dominantes e subdominantes secundarias.
- Modulacións e tonicidades veciñas e distantes.
- Substitucións harmónicas (substitución tritonal, backdoor progressions, etc.).

- Análise de escalas alternativas: modos gregos, modos derivados da escala menor melódica e harmónica, escalas diminutas, hexátonas e exóticas.
- Aplicación da harmonía funcional e non funcional na música moderna.

Bloque 3: Análise melódica, rítmica e textural

- Análise de motivos melódicos e desenvolvemento temático.
- Recursos melódicos modernos: utilización de células rítmicas, saltos melódicos, motivos repetitivos.
- Estudo dos grooves e texturas rítmicas: síncope, polirritmia, métrica composta, compases irregulares.
- A interacción entre seccións rítmicas e melódicas no contexto de pequenas formacións e grandes ensembles.

Bloque 4: Estética, estilo e contexto

- Estudo comparativo entre estilos: jazz tradicional, bebop, hard bop, jazz modal, jazz-rock, fusión, neo-soul, etc.
- Análise de obras clave que representen transicións estilísticas ou evolucións formais significativas.
- Contextualización histórica, social e estética das obras analizadas.
- Influencias cruzadas entre a música moderna e outras artes (cine, poesía, danza).

Bloque 5: Análise aplicada e creación

- Elaboración de traballos analíticos individuais e en grupo sobre obras seleccionadas.
- Propostas de pequenas composicións ou arranxos que integren os elementos analizados.

7.2.3 Avaliación

A avaliación terá un carácter formativo e continuo, cun enfoque orientado á detección temperá de dificultades e á implementación de medidas de reforzo cando sexa necesario. Empregarase unha variedade de procedementos e ferramentas para garantir unha valoración global e precisa do proceso de aprendizaxe do alumnado.

Serán realizados tres tipos de avaliación:

- **Avaliación inicial:** servirá para detectar o nivel de coñecementos previos do alumnado en relación coa análise musical, especialmente no referente á estrutura formal, aspectos estilísticos e procedementos compositivos. Esta avaliación permitirá axustar a planificación didáctica ao punto de partida real do grupo.
- **Avaliación continua:** valoración constante do progreso individual e colectivo do alumnado durante o curso. Inclúe a participación activa nas clases, a realización regular de exercicios e traballos, e a actitude ante a aprendizaxe. Suporá o **35% da nota final**.
- **Avaliación puntual:** probas escritas e traballos específicos que servirán para medir a adquisición dos contidos e a capacidade de análise crítica e formal. Representará o **65% da nota final**.

7.2.3.1 Criterios de avaliación

- **Comprensión das estruturas formais:** recoñecemento e descrición correcta das principais formas musicais (forma binaria, ternaria, rondó, sonata, forma libre, etc.) en distintas épocas e estilos.
- **Comprensión avanzada dos conceptos harmónicos e formais da música moderna:** valorarase a capacidade do alumnado para recoñecer, describir e explicar progresións harmónicas complexas, estruturas formais contemporáneas e o uso de escalas e modos menos convencionais.
- **Aplicación práctica e contextualizada dos coñecementos teóricos:** avaliarase a capacidade do alumnado para empregar os conceptos estudados en análises escritas e orais, así como na creación de pequenos fragmentos compositivos ou arranxos con criterio estilístico e funcional.
- **Análise integral de obras musicais modernas:** valorarase a destreza para integrar nunha análise elementos harmónicos, melódicos, rítmicos, formais e estilísticos, así como a habilidade para establecer relacións entre a música e o seu contexto histórico, estético ou cultural.
- **Capacidade crítica e argumentativa:** avaliarase a aptitude do alumnado para valorar diferentes enfoques analíticos, defender opinións fundamentadas sobre obras estudadas e interpretar as decisións musicais dos/as autores/as.
- **Autonomía na realización de traballos e nas exposicións orais:** valorarase a iniciativa e autonomía do alumnado na elaboración de análises, a claridade expositiva nas presentacións orais, o uso adecuado do vocabulario técnico e a capacidade para comunicar conclusións con precisión.

7.2.3.2 Actividades de avaliación

- **Probas escritas:** análises formais de fragmentos musicais, preguntas sobre estruturas, recursos estilísticos e funcións harmónicas.
- **Traballos escritos:** realización de análises completas de obras seleccionadas, incluíndo contexto histórico e estilístico.
- **Presentacións orais ou debates:** exposición e defensa de análises persoais, argumentación de interpretacións formais ou estilísticas.

7.2.3.3 Mínimos esixibles

- **Recoñecer e analizar estruturas formais complexas na música moderna:** identificar e describir formas como: AABA, *verse-chorus*, *bridge*, *blues expandido*, *modal vamps*, etc., recoñecendo as súas variantes e adaptacións no jazz e outros estilos modernos.
- **Analizar progresións harmónicas complexas e modos avanzados:** comprender e identificar progresións harmónicas propias do jazz moderno (*coltrane changes*, progresións con modulación, acordes substitutos, etc.), así como o uso de escalas modais, escalas alteradas e modos sintéticos.
- **Interpretar e relacionar os elementos melódicos, rítmicos e tímbricos co contexto da obra:**
recoñecer liñas melódicas características dun estilo ou artista, valorar a relación entre ritmo e estrutura, e identificar elementos tímbricos que contribúen ao deseño formal da obra.
- **Aplicar os coñecementos adquiridos na análise de obras reais:** analizar fragmentos musicais modernos (con ou sen partitura) con precisión, empregando terminoloxía técnica axeitada, relacionando os contidos formais e harmónicos co estilo musical, e xustificando as interpretacións realizadas.
- **Demostrar autonomía na elaboración de traballos de análise:** realizar análises completas con estrutura clara, exposición coherente e criterios técnicos, podendo empregar fontes complementarias, audicións e ferramentas dixitais cando se requira.

7.2.3.4 *Procedementos e ferramentas de avaliación*

A avaliación do alumnado realizarase a través de diferentes procedementos que permitirán medir tanto a adquisición de coñecementos teóricos como a súa aplicación práctica. Estes procedementos estarán apoiados por ferramentas específicas para garantir unha valoración obxectiva e completa do proceso de aprendizaxe.

- **Observación sistemática:** será realizada diariamente nas clases, tendo en conta a participación activa nas clases, realización de exercicios escritos e orais, aplicación dos coñecementos en análise e composición e a capacidade de reflexionar e argumentar sobre os contidos estudados.
- **Probas escritas e prácticas:** realizaranse avaliacións teóricas e prácticas para comprobar a adquisición dos coñecementos. As probas teóricas realizaranse mediante cuestionarios e exames sobre formas e estruturas contemporáneas. As probas prácticas realizaranse mediante exercicios de identificación de seccións formais e análise harmónica avanzada.
- **Avaliación final:** ó remate do curso, realizarase unha proba global na que o alumnado deberá demostrar o dominio dos contidos traballados.

En canto ás ferramentas para a recollida de datos durante o seguimento ao alumnado serán:

- Realización de probas puntuais durante a clase.
- Realización de tres exames (un por trimestre). Os exames significarán un resumo dos contidos e procedementos impartidos ata ese momento. Para a realización do exame reservárase un día lectivo, no horario habitual da clase, e poderá ampliarse a súa duración e a extensión se o exercicio o require.

O exame trimestral poderá constar de dúas partes:

- Unha ou varias preguntas teóricas referidas ao explicado na clase,
- Un exercicio longo de harmonización ou varios exercicios máis breves.

No caso de imposibilidade do alumnado de presentarse ao exame por conflitos de horario cos estudos de réxime xeral ou por traballo, estudarase a posibilidade de realizalo noutro horario previa presentación dun xustificante oficial do centro onde estuda ou da empresa na que traballa.

7.2.3.5 Criterios de cualificación

Á hora de avaliar ao alumnado teranse en conta os seguintes aspectos:

Criterio	Descrición	Porcentaxe
Conceptos teóricos	Avaliarase a comprensión e asimilación dos conceptos fundamentais da análise musical, como as estruturas, as formas e as técnicas analíticas, especialmente no jazz.	30%
Aplicación práctica	Avaliarase a capacidade do alumnado para aplicar os coñecementos teóricos adquiridos en exercicios prácticos e na análise de obras musicais reais.	30%
Exercicios escritos e prácticos	Inclúe exercicios teóricos e prácticos, como análise de partituras, creación de progresións harmónicas ou exercicios de composición.	20%
Actitude, participación e traballos adicionais	Avaliarase a implicación do alumnado, a súa participación nas clases, as discusións e a realización de traballos adicionais ou tarefas extra.	10%

As cualificacións expresaranse en números enteiros do 1 ao 10, sendo necesario obter un 5 para superar o trimestre e/ou o curso. No caso de notas con decimais, aplicarase o redondeo ao enteiro superior cando o decimal sexa maior que 0,5 ($> 0,5$).

7.2.3.6 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

A autorización excepcional para a ampliación de matrícula ao curso seguinte é competencia do Consello Escolar do centro, previa solicitude do alumnado e tras a orientación do profesorado. Para concedela, teranse en conta criterios obxectivos, así como a madureza e a capacidade de aprendizaxe do estudante para afrontar o novo curso.

O Departamento de Musicoloxía do CEMU Centro de Música Moderna de Ponteareas establece como requisito indispensable para solicitar a ampliación de matrícula a superación dunha proba escrita. Esta proba deberá demostrar que o alumno/a alcanzou todos os obxectivos recollidos na programación do curso que desexa superar.

A avaliación basearase nos criterios específicos do curso en cuestión, e a cualificación final determinarase integramente a partir da proba escrita, de acordo cos aspectos detallados no apartado 7.2.3.3, **Mínimos Exixibles**.

7.2.3.7 Medidas de recuperación

Co obxectivo de garantir que todo o alumnado alcance os coñecementos e competencias esixidas na materia de Análise de Música Moderna, establécense as seguintes medidas de recuperación para aqueles que non superen as avaliacións ordinarias ou ben pola perda da avaliación continua por faltas de asistencia.

- **Procedementos de recuperación ordinarios:** no caso de perda de avaliación continua, o alumno/a terá dereito á realización dunha proba escrita que dará como resultado a nota da súa avaliación final de xuño.

Esta proba estará deseñada para avaliar tanto os conceptos teóricos como a súa aplicación práctica, asegurando que o alumnado adquiriu as competencias necesarias para superar a materia mediante un exame teórico, preguntas sobre formas musicais, estilos e análise estrutural, e unha proba práctica, análise dun fragmento musical.

- **Probas extraordinarias de setembro:** Os alumnos e alumnas que non superen a materia ao finalizar o curso terán a posibilidade de presentarse ás probas extraordinarias de setembro, co obxectivo de recuperar os contidos pendentes e demostrar a adquisición dos coñecementos esenciais da sinatura.

A proba extraordinaria estará deseñada para avaliar tanto os aspectos teóricos como a súa aplicación práctica, asegurando unha aprendizaxe real e efectiva. Constará de dúas partes:

- **Exame teórico:** preguntas sobre os contidos principais do curso: formas compositivas na música moderna, estruturas propias do jazz (AABA, blues, etc.), análise melódica, rítmica e harmónica.
- **Proba práctica:** análise completa dun fragmento musical ou dunha obra breve, aplicando os coñecementos adquiridos en relación á forma, estrutura, harmonía, ritmo e estilo.

Aplicaranse os criterios de avaliación establecidos para o curso e, no que respecta á cualificación, esta basearase exclusivamente na nota obtida nas probas.

7.2.4 Recursos didácticos

Co obxectivo de favorecer a comprensión e aplicación dos contidos da materia de *Análise de Música Moderna*, empregárase unha ampla variedade de materiais e ferramentas adaptadas aos diferentes estilos, épocas e niveis de complexidade da música moderna. Estes recursos permitirán ao alumnado desenvolver habilidades analíticas tanto teóricas como auditivas, a partir dun enfoque funcional e contextualizado.

- **Material didáctico**
 - **Apuntes e esquemas elaborados polo profesorado**, con explicacións teóricas e exemplos prácticos.
 - **Software e aplicacións interactivas**, como Musescore, iReal Pro, Sibelius.
 - **Recursos web:** www.jazzstandards.com , www.allmusic.com
 - **Audicións comentadas** de temas representativos da música moderna.

- **Transcricións e partituras** de obras clave no desenvolvemento da harmonía moderna.

➤ Fontes bibliográficas

A seguinte bibliografía servirá como referencia para o estudo e profundización nos contidos do curso:

- **Rawlins, R. y Bahha, N.** (2005) *Jazzology. The encyclopedia of Jazz Theory for all musicians*. Hal Leonard.
 - **Herrera, Enric** *Técnicas de Arreglos para la Orquesta Moderna*. Music Distribución.
 - **Wright, Rayburn** (1982). *Inside the Score*. Kendor Music.
 - **Deveaux, S. Y Giddins, G.** (2009). *Jazz*. Norton & Company, Inc.
 - **Levine, Mark** (1995). *The Jazz Theory Book*. Sher Music Co.
 - **Sikora Frank** (2022) *Jazz: Harmony: Think, listen, play*. Schott.
 - **Terefenko, Dariusz** (2014). *Jazz Theory: From Basic to Advanced Study*. Routledge.
 - **Aebersold, Jamey** (various years). *Play-A-Long Series*.
- Recursos audiovisuais e dixitais
- Transcricións e análise de temas clásicos da música moderna en **The Real Book** e en recursos dixitais como **Sibelius** e **iReal Pro**.
 - Vídeos dispoñibles en plataformas como **YouTube**.

8. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

Seguindo as instrucións que se recollen no artigo 2º da orde do 8 de Febreiro de 2008 pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música na Comunidade Autónoma de Galicia, e que indican que "[...] a avaliación terá un carácter formativo e orientador do proceso educativo e proporcionará unha información constante que permita mellorar tanto os procesos coma os resultados da intervención educativa [...]", este departamento leva a cabo unha tripla avaliación: do proceso de aprendizaxe (que se desenvolveu no apartado correspondente de cada curso), da programación didáctica e da nosa labor docente.

O seguimento e avaliación das programacións será rexistrado por cada docente e tratado nas reunións periódicas do departamento, quedando constancia na acta daquelas desviacións e modificacións acordadas. Estas ideas e propostas de mellora serán incluídas na memoria final do departamento, xa que servirán de base para a elaboración ou actualización da programación didáctica do vindeiro curso.

Por outra banda, a misión da Comisión de Coordinación Pedagóxica será a de garantir que as programacións didácticas dos distintos departamentos presenten coherencia secuencial entre todas elas, e indicar, se é o caso, as modificacións pertinentes que deberán ser realizadas polos departamentos.

Dende o Departamento de Musicoloxía para avaliar a nosa programación didáctica teremos en conta os seguintes aspectos:

- **Obxectivos:** Adecuación ás necesidades específicas do alumnado e do Proxecto Educativo do Centro
- **Contidos:** Validez na súa elección con respecto aos obxectivos plantexados e adecuación ao nivel do alumnado.
- **Actividades:** Atención á diversidade das capacidades e adecuación aos intereses do alumnado e aos seus ritmos de aprendizaxe.
- **Criterios metodolóxicos:** A adecuación e coherencia dos mesmos.
- **Os medios e recursos:** Avaliación dos criterios para a elección dos medios e recursos didácticos e a súa adecuación aos obxectivos propostos.
- **A avaliación:** Comprobarase a idoneidade e a adecuación entre criterios de avaliación, procedementos, así como entre os criterios de avaliación, contidos e obxectivos.
- **Alumnado:** A relación co alumnado, ademais do clima de convivencia e traballo.

9. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

Do mesmo xeito que se indica no punto anterior, a avaliación do labor docente supón un dos tres elementos a avaliar dentro do noso sistema educativo xunto co proceso de aprendizaxe e a programación didáctica.

Será misión do profesorado realizar a análise dos datos que obteña trala avaliación do alumnado e da programación didáctica para realizar as diferentes adaptacións ou adecuacións das estratexias metodolóxicas co fin de mellorar os resultados acadados.

Para levar a cabo este proceso contarase tamén coa análise das enquisas de satisfacción do alumnado como vía alternativa ás clases para obter datos directos relativos á súa función.

Nas reunións do departamento trataranse todos estes puntos ademais dos que o profesor considere relevantes, sen descoidar aspectos como os recursos materiais e persoais dos que dispón o propio departamento para ofrecer unha ensinanza de calidade, trasladando á Comisión de Coordinación Pedagóxica todo aquilo que se estime oportuno.

10. Anexos

10.1 Probas de acceso a 1º de grao profesional

Na páxina web do centro e no taboleiro de anuncios pódese encontrar toda a información referente a este punto.

Documento de información sobre as probas de acceso.

10.2 Probas de acceso a outros cursos

Do mesmo xeito que no punto anterior, toda a información relativa ás probas de acceso a outros cursos atópase na páxina web e no taboleiro de anuncios do centro.

Información sobre as probas de acceso a outros cursos.

10.3 Faltas de asistencia

Establécense dous tipos de faltas, xustificadas e sen xustificar. O alumnado perderá o dereita á avaliación continua se, por calquera circunstancia, falta ó 30% ou máis das clases ó longo do curso. Isto supón que non se poden ter máis de 6 faltas sen xustificar ou 9 xustificadas, pero nunca máis de 9 en total, sexan xustificada ou non.

Para a xustificación das faltas haberá dispoñible na conserxería e na páxina web do centro un formulario a tal efecto que debe ser cuberto e entregado ó profesor, que será a persoa que acepte ou non a falta como xustificada.